



PROPOSTAS DE ACTIVIDADES


Antes de comezar co proxecto traballamos os calendarios do mes de maio como todos os días.

Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”: a semana pasada aprendemos moitas cousas das lagostas e esta semana imos investigar e aprender moitas características das medusas.

Para saber máis sobre as medusas miramos o seguinte vídeo “Los celentéreos para niños. Animales invertebrados. Ciencias naturales para niños” (<https://youtu.be/SCvS0Z3kckY>).

Unha vez finalizado de ver o vídeo facemos a seguinte ficha onde primeiro @s nen@s teñen que debuxar unha medusa e despois contestar ás dúas enquisas: **a que familia pertence?** (mamíferos, peixes, réptiles, crustáceos, moluscos, equinodermos,...), e **é un animal vertebrado ou invertebrado?** (para contestar as enquisas podedes mirar o proxecto que traballamos no 1º trimestre, nel teñen as respostas).

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.





MEDUSA

DIBUJO DO ANIMAL

· **A QUE FAMILIA PERTENCE?**


· **É UN ANIMAL VERTEBRADO OU INVERTEBRADO?**

Lóxica- matemática: hoxe para traballar os números imos xogar cun dominó, que seguramente todos temos nos nosos fogares. Para as familias que non teñen dominó poden facer as pezas nunha cartolina ou imprimir as fichas do dominó que deixo no outro documento.



Primeiro xogamos ao dominó, onde gaña o xogador que, mediante diversas combinacións, se desfai antes das súas pezas ou ben acaba con menos puntos.

E despois na actividade teñen que ir contando os puntos das fichas do dominó e colocalas no rectángulo correspondente segundo o número (como indica a imaxe).



Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.

Lectoescritura: continuamos facendo o noso “Libro de letras”. Como hoxe investigamos cousas sobre a medusa imos traballar a letra “M”.

A actividade consiste en que nun folio debuxamos a letra M no medio e despois temos que buscar en revistas ou folletos tres ou catro debuxos que comecen pola letra M (como na imaxe). Recortámoslos e pegámoslos no folio, e despois @s alumn@s de 4 e 5 anos escriben os nomes dos obxectos (@s de 4 anos en maiúscula e @s de 5 anos tentarano facer en minúscula).



Experimento: continuamos cos nosos experimentos, hoxe a mestra Yasmina e eu propoñémosvos facer o experimento “Peixiños nadando”.

Materiais: unha bandexa ou prato de cerámica branco, rotuladores de encerado branco e auga.

Paso 1: debuxar peixes na bandexa cos rotuladores de encerado branco e colorealos.

Paso 2: botar aos poucos auga ao redor dos peixes.

Paso 3: “MAXIA”, os peixiños comezarán a nadar pola bandexa ou prato.

Déixovos dos vídeo para mirar o experimento

(<https://youtu.be/pHyh7zOCRyl>) e (<https://youtu.be/RogCYsg777o>) .



Especialistas: lembrade que hoxe é luns e tedes que facer os xogos que deixavos o mestre Daniel no seu apartado e mañá martes coa mestra Yasmina imos facer o taller dos experimentos (pero se algún nen@ quere facer algunha actividade máis con ela podeades premer no seu apartado).

Tamén lembrade que os martes vén a mestra Sara de Audición e Linguaxe e a mestra Lorena de Pedagogía Terapéutica, @s nen@s que traballades con elas non vos esquezades de facer algunha actividade que elas planifican no seu apartado.

Conto: para rematar, a miña proposta de hoxe é mirar o conto de “Medusa se ha vuelto a enfadar” de Esther Alsina (<https://youtu.be/3SY7641mP1w>).

Ao finalizar podeades facer un debuxo (deixo a ficha no outro documento).

